



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A abril - xuño 2014

**2 de abril:** entregamos...



#### **El amor no es un verso libre, de Susana Fortes**

Un relato ambientado no Madrid de 1935 no que converxen a novela negra, o thriller político e unha inesquecible historia de amor. Cunha prosa profunda e suxerente, a autora reflexiona sobre o amor imposible e o prezo da ambición, pero tamén sobre as intrigas políticas, a cobiza e a corrupción que lastran a vida de calquera sociedade.

*Comentario: 30 de abril*

**30 de abril:** entregamos...




#### **Antoloxía do conto galego: século XX**

Esta Antoloxía pretende ser unha panorámica do conto literario ao longo do século XX, desde a Xeración Nós aos escritores que comezaron a publicar durante os últimos anos do franquismo. Un período fundamental no que o conto galego acadou gran variedade de temas e unha extraordinaria e singular riqueza expresiva.

*Comentario: 14 de maio*

**14 de maio:** entregamos...



#### **O señor das moscas, de William Golding**

Unha trintena de mozos son os únicos superviventes dun naufraxio no que perecen todos os adultos. De seguido suscítase como sobrevivir en tales condicións, e non tardan en crearse dous grupos cos seus respectivos líderes. Os que están dispostos a construír refuxios e a recolectar, e por outra banda os cazadores, animados por un espírito máis aventureiro.

*Desta obra entregaranse exemplares en galego e castelán.*

*Comentario: 28 de maio*

**28 de maio:** entregamos...



#### **Piel de salitre, de Juan Mariñas**

As aventuras dun grupo de homes, mulleres, animais e cousas que sofren os estragos das tormentas da vida nunha aldea imaxinaria chamada Sorte, situada na costa entre Malpica e Laxe. É unha novela coral con personaxes variados, modestos e reais que senten, sofren e sobreviven en condicións claramente mellorables.

*Comentario: 11 de xuño (Remate da tempada)*